

DOCUMENTOS PARA SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN DIRECTA NOMINATIVA

PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, ANUALIDADE 2019

BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

- ANEXO I.** Solicitud para a concesión da subvención **datada e asinada polo representante legal** da entidade, no que deberá constar:
- Importe da subvención a solicitar
 - Declaración do representante de estar ao corrente de obrigas tributarias, e de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro e de non estar incurso en prohibición para ser beneficiario segundo o establecido na Lei Xeral de Subvencións e da Lei de Subvencións de Galicia. **(para subvencións de importe superior a 3.000,00€)**
 - **Autorización** do representante da entidade para que, de ser preciso a Deputación de Lugo, solicite certificados de cumprimento de obrigas ca Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta de Galicia, Tesouraría Xeral da Seguridade Social e co Servizo de Recadación Provincial **ou Certificados** acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.
 - Desglose de financiamento da actuación obxecto da subvención.
 - Declaración de se pode a entidade deducir o IVE da actuación a subvencionar.
 - Declaración xurada doutras subvencións e patrocinios, concedidas ou solicitadas
- MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE/ACTUACIÓN A SUBVENCIONAR.** Proxecto descritivo e valorado economicamente da actividade a subvencionar **DATADO E ASINADO**. Debe ir acompañado dunha **memoria descriptiva da actividade a subvencionar**.
- ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS DA ACTIVIDADE/ACTUACIÓN A SUBVENCIONAR** (**CADRADO, DATADO E ASINADO**), en ningún caso os ingresos poden superar os gastos. Deberá ter en conta que, polo menos, o **5%** do proxecto subvencionado, deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria.
- Fotocopia do **NIF do/a representante** da entidade.
- Fotocopia do **NIF do/a secretario/a** da entidade.
- ANEXO II.** Fotocopia dos **estatutos da entidade**, inscritos no rexistro de asociacións correspondente. No caso de telos presentados con anterioridade, deberá achegar certificado do secretario da entidade de non ter producidas modificacións.
- ANEXO III.** Solicitud de autorización para a **subcontratación de actividades subvencionadas** con terceiros.
- ANEXO II.** Certificado do secretario da entidade de (**Anexo II**):
- Que a persoa asinante ten a capacidade de obrar ante a Deputación de Lugo como representante da legal da entidade.
 - Que na reunión da xunta directiva da entidade, celebrada o día / / acordouse por unanimidade, nomear como representante autorizado para as relacións desta entidade coa Deputación de Lugo. (no caso de non ser xa o representante legal)
 - Que segundo a documentación que figura nesta entidade, esta presenta notorias dificultades de carácter económico para poder realizar a actividade, sen o anticipo a conta do, coa dispensa de garantía.
 - Que os estatutos da entidade presentados non sufriron modificacións nin actualizacións, atopándose en vigor na actualidade

NOTAS A TER EN CONTA:

- Cando o importe do gasto subvencionado sexa superior ao establecido na Lei de Contratos do Sector Público, vixente en cada momento, para os contratos menores, o beneficiario deberá solicitar e posteriormente achegar 3 orzamentos segundo o artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións.¹

¹ Considerase contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministro ou de servizos.